



**CPR San José 36006675**

Princesa 1, 36002 Pontevedra  
www.cprsanjose.es

Tlf. 986 861 990/650869147 Fax. 986 850 751  
cpr.sanjose.pontevedra@edu.xunta.es

Queridos pais e nais:

Dende o centro queremos comunicarlles que dende o 11 de xaneiro ao 8 de febreiro esta aberto o prazo para a solicitude de reserva en centros adscritos, no noso caso o IES Valle Inclán.

Para presentar unha solicitude deberá seguir algunha das opción descritas a continuación:

**1. Cubrir a solicitude informáticamente e asinala en Sede Electrónica:**

Para presentar a solicitude a través da Sede Electrónica deberá acceder a admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>) con usuario de Chave 365 ou con certificado dixital, para elo deberá premer na icona verde que se atopa arriba a dereita . Posteriormente deberá seleccionar a opción de menú **“Solicitudes-> Reservas-> Crear”**. Deseguido aparecerá unha pantalla con lapelas na que ten que indicar os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, accederase á lapela “Confirmar solicitude”. Nesta lapela poderá confirmar os datos que indicou premendo no botón “Confirmar” e posteriormente premendo no botón "Firmar e presentar en Sede Electrónica", poderá firmar a solicitude dixitalmente, quedando como presentada no centro, sempre que o proceso de firma remate correctamente.

**Usarase preferentemente esta opción, pola situación sanitaria na que nos atopamos, sempre que sexa posible.**

**2. Cubrir a solicitude informáticamente e presentala asinada de xeito manual no centro (entregar en sobre pechado por medio do alumando):**

Para presentar a solicitude presencialmente no centro deberá entrar na aplicación <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> , seleccionar a opción de menú **“Solicitudes-> Reservas-> Crear”**. Deseguido aparecerá unha pantalla con lapelas na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, accederase á lapela “Confirmar solicitude”. Nesta lapela poderá confirmar os datos que indicou premendo no botón “Confirmar” e poderá descargala para asinar e presentar no centro.

**3. Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada presencialmente no centro (entregar en sobre pechado por medio do alumando):**

Se non o pode facer dixitalmente pode facelo de xeito manual solicitando no centro o documento, cubríndoo e presentándoo firmado.

Dende o día de hoxe o centro está a súa enteira disposición para calquera dúbida ou petición